



## Ollos abertos

### Ter amigos de verdade

Para ser feliz non abonda con ter diñeiro e benestar. Tamén son importantes outras cousas.

#### O príncipe triste



Había un príncipe que vivía nun luxoso pazo rodeado de serventes que o coidaban con total dedicación. Nada lle faltaba, tiña todo canto se lle antollaba. Pero, a pesar de todo, o príncipe non estaba contento e botaba moito en falla ter amigos da súa idade con quen falar, xogar e divertirse. Os seus pais, os reis, estaban moi ocupados coas tarefas do goberno do país e case non podían dedicar nada de tempo a estar con el.

Dende as ventás do seu pazo vía algunhas veces xogar aos nenos no parque e sentía moita envexa ao velos alegres e felices. Quería baixar e estar con eles, pero non llo permitían:

–Ti non es coma os demais nenos –díxíalle–. Estás destinado a ser o rei.

E contan as crónicas que un día, sen que os serventes se desen

conta, escapou, chegou ao parque onde estaban os nenos e díxolles:

–Estou disposto a darvos o que me pidades se sodes amigos meus, se me queredes, se me deixades xogar convosco...

- ▶ ¿Que vos parece esta historia? ¿De que nos fala?
- ▶ ¿Que lle contestarías ti ao príncipe? Continúa a historia.



## Mirada penetrante

### O amor e a amizade

O amor e a amizade son moi importantes na vida. Pero a amizade non se impón: é necesario aceptala con sinceridade.

Ante quen pide amizade, pódense ter varias respostas:

- 1 "Aínda que me deas todo o diñeiro do mundo, non acepto ser teu amigo".
- 2 "Se me ofreces algo que me guste, podo chegar a un acordo".
- 3 "Se me caes ben e te sabes comportar comigo, aceptareite como amigo; douche uns días de proba".
- 4 "Acóllote como amigo con alegría e ofrézoche a miña amizade".

▶ Pensa sobre estas posibles respostas.

- ¿Que che parece cada unha delas?
- ¿Cal delas che gusta máis? ¿Por que?

▶ ¿A que tipo de persoas pertence cada unha delas?

▶ ¿Como son esas respostas? Pon un cualificativo a cada resposta:

Resposta interesada <input type="radio"/>	Resposta de rexeitamento <input type="radio"/>	Resposta de acollida <input type="radio"/>	Resposta calculadora <input type="radio"/>
---	--	--	--

▶ ¿Que importancia lle damos á amizade? ¿Como a apreciamos?



## Oídos atentos

Xesús dámos a coñecer que Deus é un Pai que nos ama a todos con profundo cariño. Debemos corresponder a ese amor de Deus amándoo a Él e aos outros coma irmáns.



## O gran amor de Deus Pai

- Deus, rico en misericordia, amounos con amor inmenso. (Ef 2,4)

■ 1 ■

Correspondemos ao gran amor que Deus nos tén amándoo a Él e aos demais.



### Amor a Deus



### Amor a os demais

■ 2 ■

Xesús maniféstanos como ha de ser o noso amor:



### Amor desinteresado

- Como eu vos ameí así debedes amarvos uns a outros. (Xn 13,34)



### Amor servicial

- 

■ 3 ■



- (Cristo dirá):

-Tiven fame e déstesme de comer, tiven sede e déstesme de beber, fun forasteiro e acolléstesme, estiven en coiro e vestístesme, enfermo e visitástesme, estiven na cadea e viñéstesme ver... Asegúrovos que, canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos, fixéstelo comigo. (Mt 25,34-40)

■ 4 ■

Cando amamos a Deus e aos irmáns, a vida de Deus está en nós.



- Quen ama ao seu irmán está na luz... Quen odia a seu irmán, está na escuridade. (1 Xn 2,10-11)



#### ► Completa

- ¿Como quere Deus que o amemos?

Con todo o \_\_\_\_\_, amando ao \_\_\_\_\_

- ¿Como ha de ser o amor ao próximo? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Cando amamos de verdade aos irmáns, a vida de \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



### Memoria esperta

#### O mandamento novo

A Igrexa segue a Xesucristo e invítanos a vivir o mandamento novo de amar a Deus e aos irmáns.

- ¿Que nos ensinou Xesús sobre o amor?

- ¿Como ha de ser o noso amor ao próximo?



### Nisto coñecerán que sodes meus amigos

A Igrexa preséntanos as "obras de misericordia" coma un xeito claro e concreto de vivir o amor e o servizo aos irmáns.



#### ■ Obras de misericordia corporais

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.



#### ■ Obras de misericordia espirituais

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.

#### ► Reflexiona sobre estas obras de misericordia:

- ¿Qué persoas ou grupos coñeces que poñan en práctica algunha das obras de misericordia?
- ¿Cales destas obras realizamos nós?

#### ► Concreta algunha obra de misericordia que poidas realizar.

- ¿Como, cando e onde?